

# REGULAMENTO DO USO DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS

1.- Para utilizar os equipos é necesario **darse de alta nos ordenadores** como usuario. Se é menor de 16 anos terá que darse de alta o pai/nai/tutor primeiro para despois autorizar ao menor. Se non se introduce “usuario” e “contrasinal” propia, non se poden utilizar os equipos.

2.- O tempo máximo de utilización é de unha hora por persoa e día, pero atendendo á demanda e ao uso que se faga deles, pódese ampliar ou reducir ese tempo.

3.- É necesario seguir os mesmos pasos para utilizar a **wifi**, darse de alta como usuario e os tempos son iguais.

4.- Pódese imprimir seguindo os seguintes criterios:

- Mentres non se aproben os prezos públicos pola utilización do servizo, os traballos a imprimir non poden exceder de **10 follas**.

- Só se poden imprimir traballos relativos a:

- . actividades académicas e **traballos escolares** elaborados (non artigos, páxinas web...)
- . proxectos de teletraballo, formación e teleformación
- . **curriculum vitae** e procura de emprego
- . autoaprendizaxe, instancias, matrículas,... impresos oficiais

5.- Pódense pedir auriculares ao persoal da biblioteca, a quen lle serán devoltos.

6.- O mal uso que se faga dos equipos e accesorios postos a disposición dos usuarios, será motivo suficiente para prohibir o seu uso no futuro, ao igual que non respetar as normas que rixen o funcionamento deste servizo.

Calquer deterioro nos equipos terá que ser aboado ou repostado polo usuario que o danou.

7.- Está prohibido beber ou comer nestas instalacións.

8.- O/a usuario/a está obrigado a non molestar aos outros usuarios, a non recoller información persoal sobre outros/as usuarios da Rede e cumprir a lexislación vixente en materia de protección de datos.

## ACTIVIDADES CONTRARIAS Á FINALIDADE DO PROGRAMA OU Á LEI

9.- O/a usuario comprométese a non utilizar os equipos para a realización de actividades contrarias á lei ou con fins ilícitos, prohibidos ou lesivos de dereitos e intereses de terceiros. Neste sentido, está expresamente prohibido e sancionarse coa expulsión:

- Acceder a páxinas web con contidos pornográficos, xenófobos ou racistas.
- Almacenar ou xestionar contidos susceptibles de infrinxir dereitos de natureza civil, penal, administrativa ou da natureza que sexa.
- Almacenar contidos que sexan susceptibles, de acordo coas disposicións legais aplicábeis, de infrinxir o dereito de propiedade industrial, intelectual e dereitos semellantes de terceiros ou que constitúan información privilexiada ou información sobre a que se ten o deber de confidencialidade.

**10.-** Está prohibido chatear, baixar música, videos e “software”. Cando sexa imprescindible utilizar un programa ou aplicación, haberá que solicitar a correspondente autorización ao persoal responsable da biblioteca.

**11.-** Está prohibida a instalación de calquera programa. En caso de necesitar utilizar determinadas aplicacións informáticas diferentes ás instaladas, hai que solicitalo previamente ao responsable da biblioteca.

Para calquera dúbida ou aclaración consultar ao persoal da biblioteca.